

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 25/03/2021, EN 1ª CONVOCATORIA.**

**ASISTENTES**

**ALCALDE**  
José Marcote Suárez

**TTES. DE ALCALDE**  
Xan Carlos Sar Oliveira  
Soledad Vilela Romero  
Teresa Fernández Martínez

**SECRETARIO**  
Marta Cajide Barbeito

**ASUNTOS**

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.
- 2º.- Actos edificación e usos do solo.
- 3º.- Asuntos varios.

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **19:00** horas do día **25/03/2021** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

**1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-**

Sometida a votación a do día 4 de Marzo de 2021 é aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Actos edificación e uso do Solo.-**

**COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS**

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por **MIGUEL ÁNGEL MARCOTE CASAIS**, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 417 de 1/03/2021) **para proceder á realización de obras consistentes no recebo e pintado en cor área da fachada principal e arreglo do teito da vivenda e alpendre existentes** (Referencia Catastral 002300600MH75D0001WD); **condicionada a:**

-- Deberá manterse a volumetría e material actual da cubrición tanto da vivenda como da construción anexa que se pretende rehabilitar.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 9 de Marzo de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por JOSÉ MANUEL VÁZQUEZ DURÁN, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 397 de 25/02/2021) para proceder á realización de obras consistentes en abrir a cuneta dun camiño existente na zona Balieiro, para a canalización de augas pluviais e así evitar danos no mesmo .

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 11 de Marzo de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por JOSÉ SUÁREZ INSUA, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 2437 de 20/12/2020) para proceder á realización de obras consistentes no mantemento do peche de mampostería existente na finca (Referencia Catastral 001500100MH75D0001QQ).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 23 de Marzo de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por LUCÍA LÓPEZ INSUA, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 507 de 17/03/2021) para proceder á realización de obras consistentes na reparación do acceso á vivenda con cemento pulido, peche lateral e frontal con bloque de cor branca e valla metálica (Referencia Catastral 8506819MH7580N0001KT); condicionada a:

-- Os materiais e cores a empregar harmonizarán co entorno.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 22 de Marzo de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por ALEJANDRA BENLLOCH RIVAS, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 2.341 de 14/12/2020) para proceder á realización de obras consistentes na reparación da fachada e tellas deterioradas nunha vivenda (Referencia Catastral 002502100MH75D0001QQ), condicionada a:

-- No remate final da fachada se utilice a mesma cor existente e se manteña a conformación da actual cuberta da edificación.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 17 de Marzo de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por CARLOS TRILLO MAYOBRE (Rexistro de Entrada 191 de 26/01/2021) para proceder á realización de obras consistentes na colocación de tella do país sobre a uralita existente, substitución carpinterías exteriores por outras de pvc de cor branca, e eliminación dunha porta abrindo outra, nunha vivenda (Referencia Catastral 002501800MH75D0001QQ), debendo axustarse as

**condicións indicadas na Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:**

-- Non se alterará a posición e forma orixinal da cuberta, o seu número de vertentes nin a pendente orixinal destas. Non se construírán novas mansardas, bufardas nin quebras nas vertentes.

-- Os beirados axustaranse ás dimensións dos beirados tradicionais da zona, evitando solucións cun voo maior ós 30 cms, agás nos muros de pinche, onde a cuberta se rematará a ras dos muros, sen voar sobre eles. En calquera caso, evitarase que a tella de fibrocemento quede visible ó exterior en ningún punto da cuberta, debendo preverse un revestimento inferior do beirado, empregando unha chapa de aluminio ou un entaboado de madeira da mesma cor de acabado da fachada.

-- De incorporar canles e baixantes, estas serán de cinc ou cobre na súa cor natural ou de aluminio lacado en cores similares ás empregadas nas fachadas ou nas carpintarías. Prohíbense expresamente as seccións acanaladas ou que imiten cornixas, as canles e baixantes de PVC ou as solucións imitativas doutros materiais, como o aluminio lacado en cor cobre.

-- **As novas carpintarías serán preferiblemente de madeira**, de deseño sinxelo, lacadas na mesma cor actual (vermello) ou nunha das cores recomendadas pola carta R1 (páx. 11) do Tomo IX da Guía de cor e materiais de Galicia, como a tonalidade con referencia 6020-G da carta NCS de cor. Tamén se admite o uso de carpintarías de aluminio das mesmas cores, sempre que se escollan perfilarías de dimensións reducidas e deseño discreto, se eviten as solucións imitativas doutros materiais, como os lacados de tonalidades semellantes á madeira, e as portas e contras respondan a unha formulación sinxela e lisa, sen moldurados, ornamentacións ou entrepanos que semellen entaboados. **En calquera caso, evitaranse as fiestras, contras ou portas de PVC.**

-- O tapiado do oco farase empregando fábricas enfuscadas e pintadas da mesma cor da fachada, procurando un acabado unitario. De ser preciso o pintado da totalidade das fachadas, escollerase unha das cores máis claras das recomendadas pola carta R1 (páx. 10) do Tomo IX da Guía de cor e materiais de Galicia, sempre en acabado liso e mate.

**Resultando** que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 24 de Marzo de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos** de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da

propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por PANADERÍA VELAY, S.L., con CIF 15502388 e domicilio social na Rúa Alcalde Fernández, 30 desta Vila (Rexistro de Entrada telemático 449 de 16/12/2020) para proceder á realización de obras consistentes na reforma e acondicionamento dun local de despacho de pan a despacho de pan con degustación, emprazado na citada Rúa ( Referencia Catastral 8408702MH7580N0001ZT), debendo axustarse ós Proxectos Básicos redactados polo arquitecto técnico Basilio Canosa Díaz de datas decembro de 2020 e 15 marzo de 2021; salientar que una vez rematadas as obras:

-- Será necesario, para o inicio da actividade, o artigo 364 apartado 2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece que unha vez rematadas as obras presentarse comunicación previa para a apertura do establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 25 de Marzo de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por FELIPE INSUA CANOSA, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 2.052 de 3/11/2020) para proceder á realización de obras consistentes na Construción dun Alpendre de 24 m2 para gardar de apeiros de labranza cuberto con tella,(Referencia Catastral 001501700MH75D0001EQ).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 25 de Marzo de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da

propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por CAYETANO INSUA RIVAS, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 297 de 10/02/2021) para proceder á realización de obras consistentes na Construción dunha Piscina de Area a emprazar nunha parcela (Referencia Catastral 15038A032002130000FY), condicionada a:

-- Manter a necesaria vinculación da parte Rústica da Parcela coa actividade principal localizada en solo de núcleo rural.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 17 de Marzo de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS LOS PELÍCANOS, con CIF H-70271382 na Avenida de Galicia, 22 de San Martiño de Abaixo deste Termo Municipal (R.E.Telm. 2021/201 de 11/03/2021) para proceder á realización de obras consistentes na Construción dun Peche de pedra, con columnas con oco de 3 metros para portal, a emprazar na finca da edificación sita na citada localidade (Referencia Catastral 8318920MH7581N0000KZ), condicionado a:

-- O muro de pedra non superará o 1,50 metros para cumprir co indicado no artigo 182 da normativa do PXOM.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 17 de Marzo de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra na que se acompaña nova Documentación Complementaria ó Proxecto Técnico, presentada por

**JOSÉ MANUEL MARTÍNEZ CANOSA** (Rexistro de Entrada Telemático 20209990000361 de 12/11/2020) **para proceder á realización de obras consistentes na Modificación da Configuración da Cuberta, existente nunha edificación co cumprimento dos condicionantes indicados en nova Resolución emitida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural con data 8/11/2020 (Referencia Catastral 000300200MH75D0001AQ).**-

**Resultando** que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 25 de Marzo de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.**

B) Vista a solicitude presentada por **BRAIS PICHEL DÍAZ**, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 328 de 15/02/2021), **para proceder á ocupación da vía pública co motivo da instalación dun colector no Paseo da Riveira, 65 para levar a cabo obras de adecuación dun local para apertura de restaurante.**

A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co previsto no Artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por unanimidade dos asistentes **acorda:**

- 1) **Conceder a instalación do colector de obra na citada Rúa, condicionada a obrigatoriedade de delimitar o mesmo co fin de garantir a seguridade das obras que se pretenden.-**
- 2) **Notificar dito acordo ó interesado para o seu coñecemento e demais efectos.-**

C) Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **JESÚS CASTREJE DURÁN**, veciño de Fisterra **para proceder ó peche de pedra nunha finca** (Referencias Catastrais 15038A015004540000FK, 15038A502002670000DL, 15038A502002680000DT),

E visto o Informe emitido polo Arquitecto que presta servizos no Departamento de Urbanismo deste Concello, de data 10 de Marzo de 2021 no que se declara incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas, tal e como indica a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, **proponse o arquivo do expediente presentado.-**

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda que se proceda ó Arquivo do Expediente.-

D) Vista a solicitude e documentación presentada por JOSÉ MANUEL ESCARÍS SUÁREZ, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 556 de 25/03/2021), para proceder á ocupación da vía pública co motivo da Instalación dunha Grúa, ós fins de levar a cabo obras de reforma dunha edificación tradicional para destinar a vivenda unifamiliar.-

A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co previsto no Artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por unanimidade dos asistentes acorda, informar favorablemente a citada instalación.-

### 3º) ASUNTOS VARIOS

#### COMUNICACION PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE

EXPEDIENTE: 2020/U019/000016

Visto o expediente iniciado co número 2020/000/00002323 (RE) de 11/12/2020 por Luís Manuel Insua Lago, de comunicación previa do inicio da actividade de **SERVIZOS DE XESTORIA, ASESORIA, SEGUROS, INMOBILIARIA** (Referencia Catastral número: 8605701MH7580N0001RT).

**CONSIDERANDO:** Que no expediente consta informe favorable de data 6/03/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística neste concello, do que se desprende que se declara completa a documentación presentada na comunicación previa de inicio de actividade.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **acorda:**

1º) **Acceder ao solicitado por Luís Manuel Insua Lago e conceder acordo de eficacia á comunicación previa de inicio de actividade de SERVICIOS DE XESTORIA, ASESORIA, SEGUROS, INMOBILIARIA, que se localiza no baixo da rúa Arasolis, 13 desta vila.**

2º) **Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.**

3º) **Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos legalmente establecidos.**

EXPEDIENTE: 2020/U019/000014

Visto o expediente iniciado co número 2020/999/00000328 (RE) de 10/11/2020 por Antonino Oliverio, de comunicación previa do inicio da



**actividade de PERRUQUERIA, que se localiza na Praza da Constitución, 1 desta vila (Referencia Catastral número: 8706306MH7580N0001UT).**

**CONSIDERANDO:** Que no expediente consta informe favorable de data 17/12/2020, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística neste concello, do que se desprende que se declara completa a documentación presentada na comunicación previa de inicio de actividade.

Por todo iso, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:**

**1º) Acceder ao solicitado por Antonino Oliverio, e conceder acordo de eficacia á comunicación previa de inicio de actividade de PERRUQUERIA, que se localiza na Praza da Constitución, 1 desta vila.**

**2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.**

**3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos legalmente establecidos.**

EXPEDIENTE: 2018/U019/000011

**Visto o expediente iniciado co número 2018/000/00001669 (RE) de 14/06/2018 por BELA FISTERRA, S.L., con CIF: B-70.482.286 e domicilio a efectos de notificacións na Avenida da Anchoa, 56 deste termo municipal, de comunicación previa do inicio da actividade de HOTEL \*\*\*, que se localiza na Avenida da Anchoa, 56 deste termo municipal (Referencia Catastral número: 8625708MH7582N0001XH).**

**CONSIDERANDO:** Que no expediente consta informe favorable de data 20/10/2020, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística neste concello, do que se desprende que se declara completa a documentación presentada na comunicación previa de inicio de actividade.

Por todo iso, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:**

**1º) Acceder ao solicitado por BELA FISTERRA, S.L., con CIF: B-70.482.286, e conceder acordo de eficacia á comunicación previa de inicio de actividade de HOTEL \*\*\*, que se localiza na Avenida da Anchoa, 56 deste termo municipal.**

**2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.**

**3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos legalmente establecidos.**

## SERVIZOS DE TEMPADA

**2020/V013/000006**

Vista a petición formulada co número 2020/000/00000798 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste concello de data 29/05/2020, por parte de Najat Anafa Oihbi, na que solicita licenza para a instalación dun servizo de tempada de 20 m<sup>2</sup>, con servizo de terraza de 50 m<sup>2</sup> e aseos públicos con carácter desmontable, que se localiza na parcela con referencia catastral número 8523607MH7582S0001UQ

Visto o informe de data 5/06/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, do que se desprende o carácter favorable desde o punto de vista urbanístico, e declara completa a documentación presentada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda:

1º) Acceder ao solicitado por Najata Anafa Oihbi, e conceder licenza para a realización das obras de instalación de servizo de tempada de 20 m<sup>2</sup>, con servizo de terraza de 50 m<sup>2</sup> e aseos públicos con carácter desmontable, que se localiza na parcela con referencia catastral número 8523607MH7582S0001UQ en base á memoria técnica para a instalación temporal de caseta de madeira desmontable realizada polo arquitecto Xoán B. Alborés Tajés, colexiado Número 3125, debendo cumprir en todo caso as condicións indicadas nos informes sectoriais que constan no expediente:

\* Organismo Augas de Galicia:

As obras que se legalizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións, desenvolvéndose en parcelas declarada de titularidade do petionario na documentación do proxecto, e son:

- Recheo feito con terra nas parcelas con referencia catastral 8523607MH7582S0001UQ e 8523608MH7582S0001HQ, cuns 28 metros de longo por 10 metros de ancho na parte sur e 8,50 metros na parte norte e altura de 1,20 metros, sobre o que se realizaron o resto das obras.
- Caseta de madeira de 7,20 x 2,70 metros e caseta metálica de 4 x 2,10 metros onde se atopan os aseos.
- Fosa séptica estanca baleirable con capacidade de 2.300 litros para un máximo de 8 habitantes equivalentes.
- A distancia mínima das obras ao bordo do leito é duns 14,50 metros.

\* Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo en materia de Costas:

1º) A instalación en ningún caso poderá invadir a zona de dominio público marítimo terrestre, e todas as conducións de servizo ás ditas instalacións, no suposto de existiren, deberán ser soterradas.

2º) Non poderán almacenarse no exterior do establecemento envases, caixas, cubos ou aparellos que menoscaben a estética visual correspondente á localización da instalación.

3º) A superficie de ocupación da instalación non poderá exceder de 70 metros cadrados, dos cales 20 como máximo poderán destinarse a instalacións pechadas. Non computaran ocupación, a instalación temporal de aseos químicos públicos e gratuítos.

4º) O prazo do outorgamento comprende o período de Semana Santa, e a tempada de verán dos anos 2020 a 2023, que se estende dende o 1 de maio ata o 31 de outubro.

5º) Deberá procederse ao levantamento e retirada das instalacións nos 15 días seguintes á finalización do período estival o 31 de outubro de cada ano e non resultará preceptiva a retirada das instalacións ao concluír o período de Semana Santa.

6º) Durante a vixencia da autorización deberanse adoptar as medidas necesarias tanto para garantir a integridade do dominio público marítimo-terrestre e as súas zonas de servidume -con especial atención a evitar o vertido de materiais contaminantes co medio natural-, como a seguridade das persoas e bens, balizando e sinalizando convenientemente a zona de traballo e adoptando as medidas de seguridade e hixiene aplicables a este tipo de actuacións.

\* Dirección xeral de Patrimonio cultural

- O artigo 78.3.c) establece que no ámbito delimitado do territorio histórico dos Camiños de Santiago prohíbese a publicidade ou os carteis en tramos non urbanos que excedan da finalidade meramente indicativa para a localización de servizos ou establecementos, o que terá que ser expresamente autorizado pola consellería competente en materia de patrimonio cultural.

- Respecto á terraza, deberá situarse no lugar grafado nos planos da memoria técnica, sen invadir o contorno de protección do camiño, e entendese necesario eliminar a carpa existente, evitando a utilización mobiliario de plástico, nin que inclúa publicidade de marcas comerciais. Nos acabados evítanse as superficies brillantes ou pulidas e as cores intensas ou rechamantes. Aceptaríase o emprego de materiais de madeira tratada, plástico cun tratamento, deseño e calidade acorde cun ámbito cultural, ferro, aceiro e aluminio cun acabado mate e sen brillos, para evitar a perturbación de escintileos e reflexos.

- Optarase pola utilización de mobiliario de deseños sinxelos e preferentemente de características homoxéneas.

- Pódense admitir parasois téxtiles, de quitar e poñer, facilmente desmontables e almacenables, elixindo unha soa cor entre os tons brancos ou cremas claros.

- A colocación de mesas e cadeiras terá un carácter provisional e nun horario propio da actividade a que sirvan. Por tal motivo serán recollidas todos os días e deberán ser almacenadas nun lugar fora do campo visual do camiño, que non impida ou deturpe a apreciación dende o espazo público.

- Así mesmo, unha vez desmontadas as instalacións, deberán almacenarse fora do campo visual do camiño de Santiago e da súa contorna de protección.
- Na zona ocupada inicialmente polo establecemento (a carón a traza do Camiño), así como de ser preciso realizar canalizacións para o soterramento de instalacións, recuperarase o estado natural da parcela coa vexetación autóctona, coherente e respetuosa co ámbito protexido do litoral costeiro de praia e dunas.
- Logo de valorar a situación da parcela onde se instala esta caseta, así como o alcance desta actuación, non identifico a priori afeccións a ningún xacemento arqueolóxico catalogado nin coñecido, e, por tanto, non considero necesario establecer ningún tipo de supervisión arqueolóxicas das obras. Porén, de apareceren restos arqueolóxicos no transcurso destas obras, comunicárase decontado á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que indicará as medidas oportunas.

2º) Así mesmo, tendo en conta que o orzamento das obras ascende á cantidade de 5.245,00 €, deberá ingresar a cantidade de cento trinta e un euros e doce céntimos (131,12 €), que se desglosan da seguinte maneira:

Orzamento de Execución Material	5.245,00 €
ICIO (Imposto de Construcións Instalacións e Obras = 2,2 %)	115,39 €
Tramitación de expediente (0,30 %)	15,73 €
<b>TOTAL</b>	<b>131,12 €</b>

3º) Unha vez rematadas as obras, deberá presentar a comunicación previa de apertura do servizo de tempada.

## VADO PERMANENTE

EXPEDIENTE: 2020/V008/000012

Vista a petición formulada co número 2020/000/00001923 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste concello de data 16/10/2020, por parte de María Amelia Boullosa Marcote, na que solicita autorización para a instalación dun VADO PERMANENTE para a entrada e saída de vehículos do garaxe, nunha lonxitude de tres (3) metros lineais para unha superficie interior de 54 m2.

Visto o informe de data 4/02/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, do que se desprende o carácter favorable desde o punto de vista urbanístico.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda:

1º) Acceder ao solicitado por María Amelia Boullosa Marcote, e concederlle licenza para a instalación do **vado permanente número 1/2021 (chapa número 149)** de tres metros lineais (3 mts) para una superficie interior de 21 a 60 metros cadrados, para facilitar a entrada e saída do garaxe, condicionada a que:

a) Deberá instalar na porta, fachada ou construción de que se trate, un disco de detención ou estacionamento axustado ao modelo oficial, que será facilitado polo Concello, previo aboamento das taxas correspondentes.

b) Deberá rebaixar o bordo da beirarrúa en toda a anchura do vado, ata quedar a cota a 0,00 metros sobre a rasante da calzada. Para a execución de tales obras, así como , para o rebaixe da beirarrúa e reforzo dela, deberá solicitar o correspondente permiso de obras, tendo en conta que se repoñerá o pavimento existente na beirarrúa (baldosa, formigón, etc.) de xeito que non exista discontinuidade no pavimento do resto da beirarrúa.

c) Non se permite en ningún caso, colocar ramplas que ocupen a calzada.

d) As obras de execución do vado deberán realizarse de acordo coas condición que se sinalen na licenza e en todo caso de conformidade co disposto na Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras, e o Decreto 35/2000, polo que e aproba o seu regulamento de desenvolvemento.

e) O titular está obrigado a:

- Manter en bo estado de conservación o espazo da vía pública obxecto da reserva e a súa sinalización, e a reparar os anos que lle cause.

- Sinalizar o vado de acordo coas prescricións que se recollen na ordenanza municipal.

- Comunicar ao concello, no prazo máximo de 15 días contados desde que se produza, calquera modificación das condición e circunstancias que foran tidas en consideración no outorgamento da licenza.

- Incluílo no Padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para a aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc., para o ano 2021 cunha cota anual de corenta e nove euros (49,00 €).

- Efectuar no vado cantas obras ordinarias ou extraordinarias ordene o concello.

- Refacer o bordo e a beirarrúa unha vez expirado o período de tempo para o que foi outorgada a licenza, ou cando esta caducase, sexa anulada ou cando o titular solicitase a súa finalización, como requisito previo en todos os casos para que sexa efectiva a conclusión da vixencia da licenza.

- Os usuarios do vado e demais espazos destinados a acceso de vehículos aos inmobles quedarán obrigados a respectar o tránsito peonil que terán, en todo caso, carácter preferente.

2º) Deberá presentarse nas oficinas municipais coa finalidade de retirar a placa da vado e colocala nas inmediacións do vado permanente.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos legalmente establecidos.

## OCUPACION DE VIA PUBLICA

EXPEDIENTE: 2021/V013/000002

Visto o expediente iniciado co número 2021/000/00000428 (RE) de 2/03/2021, por ETEL & PAN, S.C., con CIF: J-70.452.842 e domicilio social na Praza da Constitución, 10 desta vila, no que solicita autorización para a ocupación de vía pública nunha superficie de 52 m<sup>2</sup> (4x13 mts) con 10 mesas, 30 cadeiras e 1 bocoí de madeira, coa finalidade de dar servizo ao establecemento público destinado a CAFE BAR que rexenta na Praza da Constitución, 10 desta vila, durante a tempada de 2020.

**RESULTANDO:** Que este uso está permitido pola Ordenanza municipal que regula as terrazas asociadas a establecemento hoteleiros, hostaleiros e comerciais aprobada definitivamente mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión de 5/6/2012 e publicada no BOP número 154 de 14/08/2012.

**CONSIDERANDO:** Que no expediente consta informe favorable de data 10/03/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, do que se desprende:

“Que por aplicación do artigo 14,5 da ordenanza municipal reguladora das terrazas, a ocupación destinada a terraza, como criterio xeral, poderá acadar unha densidade máxima de 4 persoas por cada 4 m<sup>2</sup> (zona de paso incluída). Neste caso poderíase autorizar un máximo de 52 persoas”.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado por ETEL & PAN, S.L., e autorizar a ocupación de 52 m<sup>2</sup> da vía pública na Praza da Constitución desta vila, con 10 mesas, 30 cadeiras e 1 bocoí de madeira, delimitado con postes de madeira ancorados ao pavimento unidos por unha corda de nilon de 20 mm, coa finalidade de dar servizo ao establecemento público destinado a CAFE BAR que rexenta nesa zona, durante a tempada que vai do 1/3 ao 30/10/2020 (ámbolos dous incluídos) condicionada ao establecemento da rúa peonil.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos legalmente establecidos.

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 20:00 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretaria, dou fe.